

# EAST OF PARADISE

[Lech Kowalski, 2005]

# 162

PASE ÚNICO EN NUMAX: 12.10.2016 | 20:00 | v.o.s.e.

East of Paradise (2005, 108')

**Dirección:** Lech Kowalski

**Guión:** Lech Kowalski

**Participación:** Maria Kowalski

**Son:** Val Kuklowsky

**Fotografía:** Mark Brady, Lech Kowalski

**Produtora:** Extinkt Films (Francia)

**Formato de proxección:** PAL 16:9

## FILMOGRAFÍA

*Holy Field Holy War*, 2013

*La fábrica de botas* 2000

*Born to Lose: The Last Rock and Roll Movie*, 1999

*Rock Soup*, 1991

*Historia de un junkie*, 1987

*D.O.A.*, 1980

## PREMIOS

Venecia 2005 (Premios Doc e Horizons), Tribeca 2005 (nomeado ao mellor documental)

## SINOPSE

Ao comezo da II Guerra Mundial, María Werla foi capturada en Polonia e deportada a un campo de traballo en Siberia. A loita de María pola supervivencia tivo unha profunda influencia no seu fillo, o cineasta Lech Kowalski, que medrou nos Estados Unidos vivindo moi de cerca a cultura underground dos anos 70s e 80s.

«Kowalski filma a estupidez, o primitivismo, a agresividade, a impostura, o real compromiso, as dúbidas dunha comunidade á cal, con cámara en man, di pertencer».

Carlos Vásquez. BLOGS&DOCS

EN COLABORACIÓN CON



# EAST OF PARADISE

[Lech Kowalski, 2005]

## «Facer East of Paradise foi como ir ao psicanalista»

Por Lech Kowalski

Canto estaba a gravar *Histler's Highway* escribín unha historia sobre a miña nai e amoseilla a un tipo de Arte-France. El dixo: «fagamos un filme». Era o filme que sempre quixen facer e nunca xuntei valentía para emprender. Cando filmei a miña nai fiquei con ela tres meses e nunca estivera tanto tempo con ela desde os 17 anos. Vivín con ela, durmía no chan e filmei a súa historia. Cando a gravei tiña 83 anos co que o material que tiña era inmenso e tiven que deixar moito fóra. Só empreguei unha pequena parte. Descubrín o que realmente quería na mesa de edición. Cando estaba a gravar sabía que a súa teima en salvarme no gulag siberiano era algo potente pero quería ir máis aló. Daquela graveina contando a súa historia indo a Pakistán, India, África, Inglaterra e Norteamérica, que é unha trágica historia. Logo está a súa relación co meu pai. Cando fala diso convértese nunha persoa diferente. O mito sobre a súa vida destrúese cando fala del con amargura. Coido que a ningún lle gusta ollar unha anciá amarga falando de algo mais esa é unha longa historia.

Cando rematei o filme sentín como se me quitase un peso de enriba. Facelo foi como ir a un psicoanalista. Todos os meus filmes son un pouco así. E este filme foi como a miña derradeira sesión. E teño que dicir que a miña posición fronte ao cinema mudou logo de *East of Paradise* porque decidín non replicar as miñas técnicas, non volver sobre temas que xa tratei antes. Non é que teña feito moitos filmes mais todos tiñan a ver con certas viaxes e transtornos que quería documentar. Teño unha chea de material gravado que quero algún día montar. Por exemplo gravei unha chea de material en Nova Orleans en 1993 e gustárame facer un filme con iso. Willy De Ville está alí. Son fotogramas do gran filme que é a miña vida. Isto lémbreme a Tony Buba dalgún xeito, documentando a súa vida na súa cidade naquela época. Un período de trinta anos ou máis. Logo de *East of Paradise* quixen facer cousas diferntes. Quero explorar a realidade á volta miña, mais dun xeito diferente. Se cadra lonxe das técnicas documentais.

Publicado en <http://sensesofcinema.com/>

## «Unha serie de encontros perdidos»

Por Charlotte Garson

Logo dunha longa entrevista filmada no que a súa nai narra o seu incríbel traxecto a un gulag soviético, Kowalski dá en *East of Paradise* un xiro de 180 graos reutilizando sen facelo explícito imaxes dos seus propios filmes, os ionquis de *Gringo* (1985), os punks e o concerto dos Sex Pistols de *DOA* (1980) ou *Rock Group* (1991). A nai fala cunha precisión e sentido da narración abraiante namentres o fillo filma as marxes para estar á altura. Mais quen é ese home que se droga para logo percorrer, dun xeito similar ao *Greetings* de De Palma, as rúas de Manhattan en skate vomitando encol da beirarrúa sen sequera parar? Podería ser o propio Kowalski que nos fala en off do seu debut como cineasta con película roubada, actores porno (*Sex Stars*, 1977) e colaboradores ao borde do suicidio. Mais o ionqui que vemos non é Kowalski, senón o seu alter ego de idade similar, filmado en presente agonizando nun hospital, e logo deitado na caixa refrixerada. «Hei John, como vai. O noso derradeiro plano». *East of Paradise* superpón estratos temporais cunha potencia abraiante, substituindo axiña a voz en off polas imaxes, os treitos gravados polo *found footage*. Emerxe a identidade dun cineasta perpetuamente inestábel, que desenvolve a súa historia como unha serie de encontros perdidos.

Publicado en Cahier du Cinéma  
Traducións: Xan Gómez Viñas

Un cinema,  
unha librería  
e un laboratorio  
de gráfica e vídeo

# NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega  
Concepción Arenal, 9 baixo  
15702 Santiago de Compostela  
TELF 981 560 250 | [www.numax.org](http://www.numax.org)

  
EUROPA CINEMAS  
CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME